

RESOLUCIÓN REITORAL, DE 26 DE MAIO DE 2017, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA A DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES DOS GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE

Coa finalidade de mellorar a Innovación Docente e a súa difusión.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

- Anunciar a Convocatoria de axudas económicas para a divulgación das actividades dos Grupos de Innovación Docente consonte ás BASES que se publican canda esta resolución.
- As solicitudes presentaranse no formato do anexo I desde o día seguinte da publicación desta resolución ata as 14.00 horas do 20 de xuño de 2017.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, podería interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes mencionado, en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 26 de maio de 2017

O REITOR

Por Delegación R.R. de 07/05/2014

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana María Graña Rodríguez

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 201700008521
26/05/2017 11:30:23

CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA A DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES DOS GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE

BASES DA CONVOCATORIA

I. OBXECTO

Apoiar economicamente as actividades dos Grupos de Innovación Docente (GID). Os conceptos para solicitar a axuda serán os seguintes:

- **Concepto I: Xeración de materiais docentes para a docencia universitaria**
Sufragarase a elaboración de manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, artigos relacionados directamente coa docencia, traducións e software con finalidade docente.
- **Concepto II: Actividades de divulgación docente**
Sufragarase a elaboración de xornadas, conferencias e cursos que poderán estar destinadas á comunidade universitaria ou á sociedade.
- **Concepto III: Participación en congresos**
Sufragarase a matrícula e a indemnización por razóns de servizo.

II. SOLICITANTES

- As persoas coordinadoras dos 28 GID, aprobados pola COAP ata o 24 de marzo de 2017 (o 24 de marzo de 2017 inclusive), serán as que poderán solicitar as axudas.
- No caso de elixir o Concepto III a persoa que coordina o GID seleccionará ao membro de grupo que participará no congreso. A persoa elixida ten que ter unha vinculación laboral coa Universidade de Vigo.

III. CARACTERÍSTICAS:

- Os Grupos de Innovación Docente so poderán solicitar a axuda por un dos tres conceptos:
 - **Concepto I: Xeración de materiais docentes para a docencia universitaria.**
 - **Concepto II: Actividades de divulgación docente.**
 - **Concepto III: Participación en congresos.**
- A contía máxima outorgada a cada GID non superará os 500 € en ningún caso.
- No caso de que algún GID non se presente á convocatoria o crédito quedará como dispoñible. Non se repartirá o diñeiro entre os restantes GID.

IV. XUSTIFICACIÓN DE GASTOS

A tramitación das facturas que teñen que vir ao nome da Universidade de Vigo teñen que cumprir todos os requisitos establecidos pola normativa vixente e farase desde a Área de Formación e Innovación Educativa.

V. SOLICITUDE DE AXUDAS

As solicitudes presentaranse por rexistro con destino a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e enviaranse por correo electrónico a innovacion.educativa@uvigo.es.

O impreso de solicitude e anexo atópanse na páxina http://vicprof.uvigo.es/vicprof_gl/formacion/innovacion/grupos/.

O prazo de presentación de solicitudes remata ás **14.00 horas do 20 de xuño de 2017**.

VI. COMISIÓN DE REVISIÓN

As solicitudes serán revisadas polos membros da COAP e a Área de Formación e Innovación Educativa.

VII. OBRIGAS

O gasto terase que executar antes do 1 de novembro de 2017.

As facturas terán que ser enviadas antes do 15 de novembro de 2017.

VIII. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Os fondos destinados a esta convocatoria irá a cargo de seguinte aplicación orzamentaria: 2017 0000 421S artigo 22 ou 23 segundo a natureza dos gastos sinalados na base I da convocatoria. O importe máximo retido para esta convocatoria ascende a 14.000 € netos.

IX. CONSULTA DE INFORMACIÓN

Se precisa información sobre esta convocatoria pode solicitala en:

Área de Formación e Innovación Educativa
innovacion.educativa@uvigo.es
986 812 035